-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	O alumnado comprende o significado xeral dun documento escrito e oral.		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que no caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	O alumnado comprende a información esencial en situacións oral ou escrita sobre temas de vida cotiá.		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	O alumnado usa estratexias básicas de comprensión do sentido xeral.	PE	60
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	O alumnado comprende diversos soportes sobre asuntos da vida diaria tanto a nivel escrito como oral.		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	O alumnado redacta un texto curto, sinxelo e ben presentado.		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	O alumnado completa formularios y documentos básicos.		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	O alumnado utiliza estratexias básicas para producir textos escritos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	O alumnado utiliza elementos lingüísticos e paralingüísticos.	IA	
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	O alumnado transmite información simple sobre textos curtos e simples mostrando respecto e empatía.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	O alumnado utiliza progresivamente o seu repertorio lingüístico e as estratexias aprendidas.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	O alumnado toma en consideración para expresarse o coñecemento de diferente linguas e culturas.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	O alumnado rexeita estereotipos discriminatorios tanto a nivel lingüísticos como culturais.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	O alumnado participa en proxectos relacionados con elementos transversais.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	O alumnado utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas propias do francés.		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	O alumnado produce un texto oral curto de maneira intelixible.	TI	40
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	O alumnado participa en situacións interactivas intelixibles e autocorrixíndose.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	O alumnado interactúa pedindo que se lle repitan os puntos claves.		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	O alumnado interactúa facendo preguntas e contestando a preguntas e instrucións sinxelas.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	O alumnado amosa unha actitude de respecto.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	O alumnado aplica estratexias elementais que facilite a comunicación.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	O alumnado compara as similitudes e diferenzas do francés os outros idiomas que coñeza.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndooos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	O alumnado autoavaliase para identificar os seus progresos e dificultades.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	O alumnado respecta a diversidade cultural, lingüística e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar

Contidos

- explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

Contidos

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais. Non se dubidará en recorrer á lingua materna cando sexa necesaria unha explicación complexa para o nivel do alumnado. Utilizaranse distintos rexistros de voz para atraer a atención, e empregárase a xesticulación cando se considere necesario. Non se intentarán corrixir sistematicamente todos os erros, pero prestarase atención especial a aqueles que se converten en vicios se non se corrixen dende o principio. Animarase ao alumnado cando progrese, e faráselle comprender as causas dos posibles fallos, sen esquecer que mesmo a aprendizaxe da lingua materna comporta erros que non desaparecen á primeira corrección.
- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera. Intentaremos dende o principio darlle unha finalidade práctica a cada actividade e a cada aprendizaxe.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progrese cun ritmo e profundidade maior. Animaremos ao alumnado a expresarse en francés, de maneira progresiva, propóndolle cancións, facilitándolle trabalinguas ou textos que lles pediremos que repitan para familiarizalos coa sonoridade da lingua.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñarase actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Interdisciplinariade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os

propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguais, fronte á non expresión (silencio).

- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicárase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, incluíranse no plan lector do centro.

- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.

- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.

- No marco dun proxecto de intercambio en liña/presencial cun centro educativo estranxeiro, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade. Utilizaremos a miúdo o mapa físico e político de Francia (primeiro, e da Francofonía despois), para facerlle entender ao alumnado que a lingua que aprenden a falan xentes que viven nun sitio concreto do planeta, que deben atravesar montañas ou ríos nos seus desprazamentos, e que teñen unha idiosincrasia concreta porque veñen dun sitio en particular.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto : J'AIME 3. Ed: Anaya / CLE International.
Recursos de Internet: Blogs de clases, aplicacións,
Cadernillo do alumnado: J'AIME 3. Ed: Anaya /CLE International.
Recursos proporcionados pola editoriais para desenvolver actividades de avaliación, reforzo e ampliación., en formato papel ou dixital.
As pizarras dixitais, ordenadores, biblioteca.
Documentos auténticos: xornais, revistas, planos, folletos, guías turísticas.
Xogos.
Material de elaboración propio.

Manuais de texto.
Aula Virtual.
Diccionarios en papel e en liña.
Recursos dixitais: tradutores/conxugadores.
Probas tipo DELF.

Escoitaranse, ademais dos CD do libro de texto, vdeoclips, gravacións de cancións, da radio, da televisión ou de Youtube. Non esqueceremos tampouco o material de preparación ao Delf co que contamos.

Empregaremos tamén documentais e fragmentos de películas en francés, así como bandas anuncio das mesmas, Dado que o instituto conta cunha importante colección de cintas en francés (subtituladas en español ou en francés para xordos), propoñerémolle aos discentes que as vexan no seu domicilio durante a fin de semana, e nolas comenten despois. Esta actividade non só reforzará a súa comprensión oral, senón que aumentara tamén considerablemente os seus coñecementos socioculturais.

Intentaremos, pois, facer entrar dende o principio o mundo exterior na clase de Francés: alí non van adquirir solo coñecementos gramaticais, van tamén aprender cancións, descubrir paisaxes, fragmentos de películas, receitas de zumes, anuncios ou poemas, xentes e países, o que resulta moito máis interesante e enriquecedor. As ferramentas pedagóxicas das que dispoñemos actualmente permiten unha aproximación ao mundo real moito máis importante que hai vinte anos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase se levará a cabo unha avaliación inicial.

- Realización dá unidade 0 do caderno de actividades que nos permitirá repasar as competencias e os contidos básicos do curso anterior.

-A corrección desas actividades permitirannos avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

- Proporase algunha proba, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (para constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar do curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (para mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando aquelas destrezas nas que o nivel é máis alto e, polo tanto, a distancia a salvar menor).

-Esta proba e/ou os exercicios dá unidade 0 teñen como obxectivo facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

-O resultado de ditas actividades darase a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade dá xunta avaliadora. En función dous resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	10	10	10	15	100
Proba escrita	62	56	53	62	63	62	57	69	60	61
Táboa de indicadores	38	44	47	38	37	38	43	31	40	39

Crterios de cualificación:

As probas realizadas (polo menos unha por trimestre) representarán o 90 % da cualificación total e poderán incluír:

- 1- cuestións de gramática,
- 2- unha de comprensión oral,
- 3- unha de expresión escrita,
- 4- unha de expresión oral e
- 5- unha de comprensión escrita.

O 10% estará reservado ao traballo do alumno/a:

1- Un 5% da nota conseguirao co traballo na aula. Valorarase que o alumnado preste atención na clase (0,1), teña o material necesario para traballar axeitadamente (0,1), tome apuntes (0,1) participe voluntariamente na corrección dos exercicios e deberes (0,1) e participe activamente no transcurso da clase (0,1).

2- O 5% restante queda para os DEBERES, tarefas que o alumnado realizará na casa e as profesoras comprobarán na clase si se realizaron ou non.

As notas medias de cada avaliación ou final redondearanse á cifra enteira superior no caso de superar as 50 centésimas, e á cifra inferior se non chega ás 50 centésimas.

A avaliación será continua. Dado que se trata dunha ensinanza cíclica, e que os contidos básicos vistos nos trimestres anteriores poden ser obxecto de preguntas nos posteriores, se un alumno non aproba as dúas primeiras avaliacións pero supera o último exame, considerarase que aprobou a materia. Pola contra, se aproba os dous primeiros trimestres, pero non o terceiro, deberá realizar un exame final que conteña preguntas sobre contidos de todos os trimestres para poder aprobar. Terase en conta o traballo realizado ao longo de todo o ano, a motivación do alumnado e as súas capacidades reais.

Crterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Se ao longo do ano constatamos problemas en algún alumnado que, malia os seus esforzos non conseguen alcanzar o grado mínimo ofrecerémoslle o apoio necesario, intentando dedicarlles unha atención individualizada, en clase ou durante os momentos nos que estean libres: recreos, horas de tutoría, etc. De tratárense de alumnos que non fan ningún esforzo, falaremos co seu titor, para que contacte coa familia e os poña ao corrente da situación para intentar melloralas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1- Recuperación da materia de anos anteriores (Pendentes):

O profesor que o ten como alumno no presente curso académico procurará que adquira os graos mínimos de desempeño das competencias básicas.

En caso de que supere os do curso no que se atopa considerarase que ten superados tamén os do anterior, xa que a materia Lingua Estranxeira, é de avaliación continúa, dada a súa aprendizaxe en espiral.

Se non é o caso, deberá realizar dous exames: un no mes de xaneiro e outro no mes de maio, o que lle dará a

posibilidade de superar a materia do ano precedente se non aproba a do ano en curso.

2- Para o alumnado que non cursa esta materia este curso:

A profesora que se encargue deste alumnado (Xefa de Departamento ou non, poñerase en contacto con eles a principio de ano e fixará unha hora de reunión (no recreo, hora de titoría, etc.) para resolver os problemas relacionados coa materia, polo menos dúas veces ao mes. Daralles exercicios para realizar ou traballos persoais, que lle serán entregados en tempo e forma, advertíndolles desde o principio que de non respectar o compromiso adquirido veranse obrigados a facer dous exames en xaneiro e maio. En caso de non superalos terán unha última proba no mes de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

1-PROGRAMAS DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS:

Aplicarase aos alumnos que presenten dificultades para seguir o ritmo de traballo derivado do desenvolvemento da programación xeral, en especial a aqueles que non superen a materia trimestralmente, polo que non se alteran, para os alumnos aos que se aplica a medida, os obxectivos e contidos contemplados na mesma. Trátase dunha medida individual e que afecta, basicamente, aos aspectos metodolóxicos. Podería concretarse, entre outros posibles, nos seguintes aspectos:

- Realizar un seguimento dos alumnos con relación á comprensión das actividades de clase, da información básica desenvolvida na mesma, etc.
- Ampliar as actividades que se deseñan para reforzar os contidos fundamentais, adaptalas ás súas necesidades.
- Tomar en consideración estas dificultades, ao comezar os novos contidos, co fin de repasar, poñer ao día ou sinalar aspectos fundamentais para a súa comprensión.
- Recomendar o uso de material complementario.
- Informar ao profesor /titor de que se están desenvolvendo estas medidas, para que cando se entreviste coa familia lles faga ver a necesidade dun maior seguimento escolar do alumno. É necesario resaltar que estas medidas están moi condicionadas, en relación á súa eficacia, coas actitudes ante as tarefas presentadas que manifestan o alumnado. A tarefas de reforzo, deben entender os alumnos que custan un esforzo e que só son eficaces realizadas con asiduidade.

2- ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS:

Cando as medidas anteriores non fagan grande efecto, e as dificultades non evolucionan da forma esperada, é cando temos que engadir, ás medidas propostas, algunhas outras. Estas decisións sempre se tomarán co asesoramento do Departamento de Orientación. Non se trata de variar a programación establecida para o grupo, senón de establecer algúns axustes que melloren a atención a estes alumnos. Atenderase a:

- Programación xeral: Analizaremos no seu conxunto os contidos que imos desenvolver e procuraremos preveros que poidan atopar máis difíciles.
 - Metodoloxía: Buscarase unha maior participación destes alumnos, comprobando que entenderon ben o sentido dos exercicios, realizarase un seguimento máis personalizado dos seus traballos na casa e na clase, sempre que sexa posible.
 - Materiais: Utilizaranse materiais complementarios para favorecer unha maior comprensión e reducir as súas carencias nas destrezas básicas.
 - Avaliación: indicarlles unha orde de prioridade na realización das preguntas dos controis, darlles algunha explicación informativa para que se sitúen ante o problema, darlles algo máis de tempo.
- Ademais destas consideracións, poden abordarse outras, por exemplo, adaptacións dos criterios xerais de avaliación, valoración dos traballos, actitudes, etc.

3- ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS:

Desenvolverase unha adaptación curricular significativa cando un alumno presente dificultades catalogadas como de necesidades educativas especiais. Procederase ás modificacións duns ou varios elementos do currículo para a adecuada atención educativa do alumno concreto, co asesoramento do departamento de orientación.

Programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Para os alumnos con altas capacidades, elaborárase unha proposta de actividades que usen preferentemente recursos TICs que lles permitan traballar e profundar en temas que lles resulten de interese, co asesoramento do Departamento de Orientación.

4- EXENCIÓN DE FRANCÉS:

O alumnado que presenta dificultades demasiado grandes nas outras linguas oficiais e estranxeiras recibe, se os pais están de acordo, clases de reforzo dos coñecementos lingüísticos, e están exentos da materia Francés.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade e espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Valores éticos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Xeografía.		X						
ET.7 - Deportes.			X					
ET.8 - Arte.				X				
ET.9 - Matemáticas.						X		
ET.10 - Ciencias sociais.							X	
ET.11 - Literatura.								X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Fomento da creatividade e espírito crítico.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Valores éticos.	X
ET.6 - Xeografía.	
ET.7 - Deportes.	

	UD 9
ET.8 - Arte.	
ET.9 - Matemáticas.	
ET.10 - Ciencias sociais.	
ET.11 - Literatura.	

Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Exposición de Postais de Nadal e Bos Desexos de Aninovo.	9-22 de decembro 1º trimestre: O alumnado decora a entrada do Instituto con postais e desexos de nadal en francés
Contacontos «Conte avec moi»	Data entre o 27/2 e o 3/3 (2horas no noso IES) 2º trimestre. Samuel Mountounjou, contacontos africano de Camerún, visítanos para levarnos ao mundo máxico das noites africanas.
Teatro La Salle en Santiago. Veremos: Le Tour du Monde de Nellie Bly	27 de febreiro 2º trimestre. O alumnado asiste en Santiago de Compostela a unha obra de teatro en lingua francesa
Celebración da Semana da Francofonía	20-24 de marzo 2º trimestre. O alumnado realiza actividades centradas no día da francofonía.
Colaboración na Ginkana da Semana Cultural	Semana Cultural 3º trimestre. O alumnado de francés participa nunha ginkana e tén que pasar probas en lingua francesa.
Posible presentación as probas do DELF A2 da Alianza Francesa	3º Trimestre. O alumnado, que o desexa, preséntase as probas do DELF A2 da Alianza Francesa.
Unidade Didáctica «La marinière» Degustación de crêpes	Semana Cultural 3º trimestre. Jeremy, coa súa furgoneta equipada con cociña, explica a orixe das "crêpes", lles enséña a facelas e a comprarlas e todo en lingua francesa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación.
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
10. Adecuación do desenvolvemento dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O Departamento de francés elabora o seguinte material en base a10 indicadores que nos parecen importantes para avaliar, revisar e si é necesario modificar a programación coa finalidade de melloralas:

(INDICADORES: Si / Non / Regular / Propostas-comentarios)

- 1-DESENVOLVERONSE OS CONTIDOS PREVISTOS.
- 2-AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS FAVORECERON A ADQUISICIÓN DOS CONTIDOS.
- 3-UTILIZÁRONSE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN VARIADOS.
- 4-FÍXOSE UNHA CORRECCIÓN DAS ACTIVIDADES DO ALUMNADO NO CADERNO.
- 5-OS RESULTADOS OBTIDOS POLO ALUMNADO FORON POSITIVOS.
- 6-INFORMOUSE ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO QUE PRESENTABA DIFICULTADES.
- 7-OS MATERIAIS DIDÁCTICOS E LIBROS DE TEXTOS SON AXEITADOS.
- 8-AS PAUTAS ESTABLECIDAS PARA A AVALIACIÓN CONTINUA E INICIAL É AXEITADA.
- 9-OS CRITERIOS ESTABLECIDOS PARA A RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN SON ADECUADOS.
- 10-O SEGUIMENTO E A REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN AO LONGO DO CURSO É ADECUADA

9. Outros apartados